



BANDO

Dona MAYRA GARCÍA BERMÚDEZ, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Trabada, **FAI SABER**:

Que o 15 de setembro de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución da Consellería de Medio Ambiente, pola que se declara **a emerxencia cinexética temporal** polos danos ocasionados polo xabaril nas comarcas dos Ancares, Chantada, Lugo, A Mariña Central, A Mariña Occidental, A Mariña Oriental, Sarria, Terra Chá e Terra de Lemos. Determinando **MEDIDAS ESPECIAIS** de control conducentes a reducir as súas densidades e poboacións:

- O **CONCELLO DE TRABADA** considérase en **emerxencia cinexética temporal**.
- Permitirase **abater ou capturar sen límite de exemplares**, xabarís de ambos sexos, prioritariamente femias adultas e subadultas en todas as súas idades. Permitirase, así mesmo, abater crías e femias seguidas de crías, logo de autorización especial da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- En **TERREOS CINEXÉTICOS**:
 - o As modalidades de caza permitidas para esta especie poderán **efectuarse durante todo os días da semana**, salvo para as zonas libres de caza, con comunicación previa á Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - o Poderase utilizar con carácter excepcional:
 - Un **visor convencional/óptico de aumentos** durante a práctica da modalidade de espera nocturna e fontes luminosas para a iluminación dos albos.
 - **Dispositivos electrónicos**, tales como detectores ou controladores de hora de paso ou presenza, para a posterior realización de esperas nocturnas ao xabaril.
 - Nos cultivos con destino á colleita en que se teñan iniciado os danos, poderase dispor de **cebadoiros de gran** ou froitos ao obxecto de asegurar a eficacia no momento concreto dos controis.
- En **TERREOS NON CINEXÉTICOS**: será necesario dispoñer dunha **autorización expresa**.





Concello de Trabada

- Os **EXEMPLARES CAPTURADOS** como consecuencia da aplicación das medidas adoptadas na área de emerxencia cinxética temporal, deben **IDENTIFICARSE MEDIANTE PRECINTOS E COMUNICARSE** debidamente á Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no prazo de quince (15) días naturais.
- A **VIXENCIA** desta declaración estenderase ata o **25 DE FEBREIRO DE 2024**.

En Trabada, asinado pola Sra. Alcaldesa na data que figura na marxe.

